


PREMIO Á EXCELENCIA ACADÉMICA DO CONCELLO DO GROVE EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

BASES DO PREMIO

O Concello do Grove, co obxectivo de recompensar o esforzo realizado polos alumnos máis sobresaíntes no actual curso escolar e nos centros públicos de secundaria deste municipio, e como estímulo para os demais compañeiros, convoca o Premio á Excelencia Académica do Concello do Grove en Educación Secundaria, de acordo coas seguintes bases:

1. O obxecto da convocatoria será o de premiar o rendemento educativo do alumnado con mellor expediente académico en cada unha das etapas de educación secundaria, que cursaron estudos durante o curso 2011/2012 nalgún dos dous centros públicos deste concello, IES Monte da Vila e IES As Bizocas.
2. Outorgaranse dous premios iguais, un para a ESO e outro para Bacharelato, aos alumnos e alumnas cos mellores expedientes académicos en cada unha das dúas etapas. A valoración basearase na nota media das súas cualificacións nos catro cursos de ESO ou nos dous de Bacharelato, segundo sexa o caso, excluindo a materia de relixión.
3. Os directores ou directoras de cada un dos centros remitirán ao Concello do Grove a proposta do alumnado aspirante a ditos premios nos cinco días seguintes ao remate do curso escolar, acompañada do certificado da nota media das súas cualificacións.
4. Unha comisión realizará a elección das persoas premiadas en base ás cualificacións obtidas polo alumnado. Esta comisión estará presidida pola concelleira delegada de Educación, e formarán parte como vocais os directores dos centros, actuando un deles como secretario. Esta comisión dirimirá os empates no caso de producirse.
5. O premio en cada unha das categorías consistirá na entrega dun diploma acreditativo e cheques regalo por valor de 200 euros.

O Grove, 22 de marzo de 2012


 Miguel Ángel Pérez
 Alcalde do Concello do Grove

